# MÚSICA 2º PRIMARIA

A área de Educación Artística engloba a Educación Musical e a Educación Plástica. Esta área é moi importante porque posibilita o desenvolvemento da creatividade, da imaxinación, da autonomía, a percepción, a sensibilidade estética, a socialización, a análise crítica…..do alumnado.

A Educación Musical na etapa da Primaria divídese en tres bloques:

- "**A escoita**": preténdese que o alumnado tome conciencia dos sons do seu entorno, das posibilidades sonoras dos materiais e da audición activa das distintas manifestacións sonoras.
- "**A interpretación musical**": preténdese que o alumnado crea productos musicais usando os contidos aprendidos valorando o traballo colaborativo, o respecto cara ás demais persoas e o espírito de mellora.
- "**A música, o movemento e a danza**": preténdese o desenvolvemento da expresividade e creatividade do alumnado dende o coñecemento e a práctica da danza. Dende a coordinación motriz e a conciencia do espazo ata a creación de movementos e a expresión dos sentimentos a través do movemento.

## OBXECTIVOS DA EDUCACIÓN PRIMARIA

a) Coñecer e apreciar os valores e as normas de convivencia, aprender a obrar de acordo con elas para o exercicio activo da cidadanía e o respecto dos dereitos humanos e do pluralismo democrático.
b) Desenvolver hábitos de traballo individual e de equipo, de esforzo e de responsabilidade no estudo,, de sentido crítico,de interese e creatividade na aprendizaxe e espírito emprendedor.
c) Adquirir habilidades para a prevención e para a resolución pacífica de conflitos tanto no ámbito familiar como nos grupos sociais cos que se relacionan.
d) Coñecer, comprender e respectar as diferentes culturas e as diferenzas entre as persoas, a igualdade de dereitos e oportunidades entre homes e mulleres e a non discriminación das persoas con discapacidades ou outros motivos.
e) Coñecer e empregar de forma apropiada a lingua galega e a lingua castelá, e desenvolver hábitos de lectura en ambas as dúas linguas.
f) Adquirir en unha lingua estranxeira a competencia comunicativa básica que lles permita expresar e comprender mensaxes sinxelas e desenvolverse en situación cotiás.
g) Desenvolver as competencias matemáticas básicas e iniciarse na resolución de problemas que requiran o emprego de operacións de cálculo, coñecementos xeométricos e saber aplicalos a vida cotiá.
h) Coñecer os aspectos fundamentais das ciencias da natureza, as ciencias sociais, a xeografía, a historia e a cultura, con especial atención o vinculado a Galicia.
i) Iniciarse no uso das tecnoloxías da información e a comunicación para a aprendizaxe e o

desenvolvemento dun espírito crítico ante as mensaxes que reciban ou elaboren.

j) Empregar diferentes representacións e expresións artísticas e iniciarse na construción de propostas visuais e audiovisuais.
k) Valorar a hixiene e a saúde, a aceptación do propio corpo e das demais persoas, respectar as diferenzas; e empregar a educación física e o deporte como medios para favorecer o desenvolvemento persoal e social.
l) Coñecer e valorar os seres vivos (animais e plantas) do entorno e adoptar comportamentos que favorezan o seu coidado.
m) Desenvolver as capacidades afectivas nas relacións coas demais persoas e ca propia personalidade; adquirir una actitude contaría á violencia, ao prexuízo de calquera tipo, aos esterotipos sexistas e a discriminación por cuestións afectivo-sexuais.
n) Fomentar a educación viaria e as actitudes de respecto que incidan na prevención de accidentes de tráfico.
o) Coñecer, apreciar e valorar as singularidades culturais, lingüísticas, físicas e sociais de Galicia, salientando as mulleres e homes que realizaron achegas importantes á cultura e á sociedade galegas.

## COMPETENCIAS CLAVE

**Referidas á competencia en Comunicación lingüística:**

1. Aprender un repertorio de cancións (orais e escritas) en lingua galega.
2. Aprender vocabulario e expresións locais en galego.
3. Utilizar a voz e o corpo como instrumentos de expresión ecomunicación.

**Referidas á Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía:**

1. Traballar a preescritura musical (concepto de liña e espazo).
2. Traballar visual e auditivamente e interpretar a proporción matemática nos musicogramas e a súa relación coa lonxitude da melodía.
3. Traballar as figuras xeométricas nas fichas do alumno.
4. Traballar as figuras xeométricas coas coreografías que acompañan ás cancións e danzas.

**Referidas á Competencia dixital:**

1. Presentar os aparatos e soportes de tecnoloxía dixital e analóxica de son: radiocasetes, CD, reprodutores mp3, mp4…
2. Utilizar métodos audiovisuais para ver e escoitar sons, instrumentos...
3. Empregar distintas fontes para a procura de información.

**Referidas ás Competencias sociais e cívicas:**

1. Desenvolver habilidades de cooperación para conseguir un resultado grupal satisfactorio.
2. Comprender a realidade da pluralidade social actual coa que convivimos e aprender a respectarnos.
3. Ter respecto e actitude de escoita nas intervencións individuais dos compañeiros.

4. Aceptar nas danzas e coreografías aos compañeiros/as sen discriminar a ninguén.
5. Coñecer, valorar e gozar do contorno natural, social e cultural, fomentando a súa conservación
6. Participar nas actividades vocais, instrumentais e coreográficas de grupo con interese e sen inhibicións

**Referidas á Conciencia e expresións culturais:**

1. Percibir e comprender o mundo que os rodea cando escoitan sons da súa contorna, gozando da mesma e valorándoa.
2. Ter curiosidade cara ás fontes sonoras dos instrumentos que manexan na escola e os que soan nas audicións de música culta.
3. Valorar as cancións populares como expresión cultural dos pobos, enriquecendo a súa bagaxe cultural.
4. Valorar as manifestacións culturais do folclore galego e doutras culturas.
5. Representar sons mediante a expresión plástica.
6. Elaborar traballos e presentacións con sentido estético.
7. Escoitar, diferenciar e valorar os sons do medio no que viven.
8. Coñecer os instrumentos fixándose no material de corpo vibrante e na súa procedencia (árbores, canas, pel ou vexigas de animais, metais, …).
9. Expresar sentimentos e emocións dos códigos artísticos.

**Referidas á competencia para Aprender a aprender:**

1. Tomar conciencia dos procesos de aprendizaxe.
2. Aprender a ter capacidade autocrítica, reflexionando sobre o esforzo e logros acadados por medio da autoavaliación.
3. Ter iniciativa persoal na elaboración de fichas creativas; así como nos remates plásticos das follas.
4. Ter curiosidade e interese individual na aprendizaxe de conceptos musicais e interdisciplinares.
5. Aprender e practicar estratexias lingüísticas para realizar oralmente descricións dos sons que escoitan coa axuda dun apoio visual.
6. Xerar estratexias para aprender en distintos contextos.
7. Planificar recursos necesarios e pasos a realizar no proceso de aprendizaxe.

**Referidas ao Sentido de iniciativa e espírito emprendedor:**

1. Asumir as responsabilidades encomendadas e dar conta delas.
2. Desenvolver a confianza en si mesmos mediante as dramatizacións con xestos grupais e as coreografías.
3. Fomentar o espírito de superación nas actividades individuais, grazas ás gabanzas e ánimos do profesorado.
4. Priorizar os obxectivos grupais sobre os intereses persoais.
5. Superar as dificultades a través da constancia e do traballo diario.
6. Coordinar as tarefas e tempos do grupo na realización de traballos.

7. Transmitir entusiasmo para acadar obxectivos.
8. Elaborar fichas individualmente para desenvolver hábitos de esforzo, traballo individual, iniciativa persoal, curiosidade e creatividade na aprendizaxe.
9. Amosar iniciativa persoal para promover ou iniciar novas accións

| Obxectivos | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Competencias clave | Grao de consecución |
|---|---|---|---|---|---|
| BLOQUE 1. ESCOITA | | | | | |
| j b | B1.1. As calidades do son: timbre, duración, altura e intensidade.<br><br>B1.2. Identificación de trazos distintivos de sons do contexto natural e social.<br><br>B1.3. Representación corporal e gráfica de sons de diferentes características.<br><br>B1.4. Utilización de xogos e aplicacións informáticas educativas sinxelas para a discriminación auditiva.<br><br>Curiosidade por descubrir os sons do contexto e as súas | B1.1. Explorar, escoitar e describir calidades e características de materiais, obxectos, sons e instrumentos presentes no contexto natural. | EMB1.1.1. Manipula e explora as calidades sonoras do corpo, dos instrumentos, dos obxectos, dos animais e da voz. | CCE C<br>CAA | EMB1.1.1. Manipula e explora as calidades sonoras do corpo, dos instrumentos, dos obxectos, dos animais e da voz. |
| | | | EMB1.1.2.<br><br>Representa graficamente ou corporalmente estas calidades: son curto, longo, ascendente e descendente, forte, piano, agudo e grave. | CCEC | EMB1.1.2. Representa graficamente ou corporalmente estas calidades: son curto, longo, ascendente e descendente, forte, piano, agudo e grave. |
| | | | EMB1.1.3.<br><br>Recoñece e discrimina os sons do seu contexto. | CCEC | EMB1.1.3. Recoñece e discrimina os sons do seu contexto. |
| | características.<br>B1.5. Audición de pezas vocais e identificación de voces femininas, masculinas e infantís.<br><br>B1.6. Recoñecemento visual e auditivo, e | | EMB1.1.4. Utiliza aplicacións informáticas e xogos para a discriminación auditiva das calidades traballadas. | CCE C<br>CD | EMB1.1.4. Utiliza aplicacións informáticas e xogos para a discriminación auditiva das calidades traballadas. |

| | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|
| | Denominación dalgúns instrumentos musicais da aula e da música escoitada e interpretada no contexto do alumnado. | | | | |

| Obxectivos | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Competencias clave | Grao de consecución |
|---|---|---|---|---|---|
| | | | EMB1.1.5. Identifica voces masculinas, femininas e infantís. | CCEC | EMB1.1.5. Identifica voces masculinas, femininas e infantís. |
| j b | B1.7. Audición de pezas vocais e instrumentais. | B1.2. Manter unha actitude de respecto e de escoita activa. | EMB1.2.1. Respecta os tempos de silencio para o bo estudo dos sons e a escoita das audicións. | CSC | EMB1.2.1. Respecta os tempos de silencio para o bo estudo dos sons e a escoita das audicións. |
| j<br>d<br>o | B1.8. Audición activa e recoñecemento dunha selección de pezas musicais breves, de culturas e de estilos diferentes. | B1.3. Coñecer obras curtas de distintos estilos e de diferente autoría. | EMB1.3.1. Coñece algunhas persoas compositoras e relaciónaas coas súas obras. | CCE C<br>CAA | EMB1.3.1. Coñece algunhas persoas compositoras e relaciónaas coas súas obras. |
| | B1.9. Audición activa dalgunha peza do repertorio tradicional galego. | | EMB1.3.2. Coñece as figuras de compositor/ora, director/ora de orquestra, instrumentista e público, así como as súas funcións, | CSC<br>CCE C<br>CAA | EMB1.3.2. Coñece as figuras de compositor/ora, director/ora de orquestra, instrumentista e público, así como as súas funcións, respectando e valorando os seus respectivos traballos. |
| | B1.10. Identificación das principais profesións | | | | |

| | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|
| | relacionados coa música e da actividade que desenvolven (composición, dirección, instrumentista e público). | | respectando e valorando os seus respectivos traballos. | | |
| J<br>E | B1.11. Comunicación oral das impresións que causa a música escoitada. | B1.4. Comunicar as sensacións e as impresións sentidas na audición, utilizando un vocabulario adecuado. | EMB1.4.1. Representa mediante diferentes técnicas os aspectos básicos dunha audición e os sentimentos que suscitou. | CCL<br>CCEC | EMB1.4.1. Representa mediante diferentes técnicas os aspectos básicos dunha audición e os sentimentos que suscitou. |
| | B1.12. Normas básicas de comportamento en concertos e outras representacións musicais. | | EMB1.4.2. Emprega vocabulario básico musical adaptado ao seu nivel. | CCL CCEC | EMB1.4.2. Emprega vocabulario básico musical adaptado ao seu nivel. |

| Obxectivos | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Competencias clave | Grao de consecución |
|---|---|---|---|---|---|
| | | | EMB1.4.3. Coñece e respecta as normas de comportamento básicas en concertos e outras representacións musicais. | CSC | EMB1.4.3. Coñece e respecta as normas de comportamento básicas en concertos e outras representacións musicais. |
| J | B1.13. Elementos da música: tempo (adagio, andante e allegro), dinámica e carácter.<br>B1.14. Distinción e representación corporal ou gráfica dalgúns elementos da música escoitada. | B1.5. Identificar e expresar a través de diferentes linguaxes algúns dos elementos dunha obra musical (timbre, velocidade, intensidade ou carácter). | EMB1.5.1. Coñece, identifica e representa elementos básicos da linguaxe musical: pulsación, longo, curto, rápido, lento, forte, piano, son, silencio, agudo, grave, pentagrama (liñas e espazos), clave de sol, branca, negra e parella de corcheas. | CCEC<br>CAA | EMB1.5.1. Coñece, identifica e representa elementos básicos da linguaxe musical: pulsación, longo, curto, rápido, lento, forte, piano, son, silencio, agudo, grave, pentagrama (liñas e espazos), clave de sol, branca, negra, parella de corcheas,silencio de negra e silencio de branca. |
| | B1.15. Forma musical: repetición e contraste.<br>B1.16. Identificación da repetición (AA) e o contraste (AB) en cancións e obras musicais.<br>B1.17. Pulso e acento. Compás binario. | | EMB1.5.2. Utiliza notación non convencional para representar elementos do son. | CCEC | EMB1.5.2. Utiliza notación non convencional para representar elementos do son. |
| | | | EMB1.5.3. Utiliza aplicacións informáticas sinxelas para realizar actividades musicais. | CD<br>CCE C | EMB1.5.3. Utiliza aplicacións informáticas sinxelas para realizar actividades musicais. |

| Obxectivos | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Competencias clave | Grao de consecución |
|---|---|---|---|---|---|
| J | B1.18. As familias de instrumentos: vento, corda e percusión. | B1.6. Recoñecer e clasificar algún instrumento por familias instrumentais. | EMB1.6.1. Recoñece e identifica algúns instrumentos, e clasifícaos por familias. | CCEC | EMB1.6.1. Recoñece e identifica algúns instrumentos, e clasifícaos por familias. |
| BLOQUE 2. INTERPRETACIÓN MUSICAL | | | | | |
| J | B2.1. Exploración das posibilidades sonoras da voz, o corpo e os obxectos. | B2.1. Coñecer e utilizar as posibilidades sonoras e musicais do corpo e doutros | EMB2.1.1. Repite esquemas rítmicos escoitados. | CMCCT<br>CCEC | EMB2.1.1. Repite esquemas rítmicos escoitados. |
| | B2.2. Construción de instrumentos musicais sinxelos con obxectos de uso cotián. | obxectos, manipulando distintos materiais como fonte de son. | EMB2.1.2. Crea pequenos instrumentos con materiais de reciclaxe. | CSC<br>CAA | EMB2.1.2. Crea pequenos instrumentos con materiais de reciclaxe. |
| J | B2.3. Iniciación á frauta doce. O xilófono e o metalófono. | B2.2. Coñecer e manexar a frauta doce e algún instrumento de aula. | EMB2.2.1. Consegue tocar algún fragmento melódico ou rítmico, ou acompañamento sinxelo, coa frauta e dos instrumentos da aula. | CCE C<br>CAA | EMB2.2.1. Consegue tocar algún fragmento melódico ou rítmico, ou acompañamento sinxelo, coa frauta e dos instrumentos da aula. |
| j k | B2.4. Práctica de xogos de relaxación, respiración, dicción e coordinación.<br><br>B2.5. Imitación de fórmulas melódicas. | B2.3. Exercitar as vocalizacións e as pronuncias interpretando un pequeno repertorio de cancións sinxelas e | EMB2.3.1. Interpreta individualmente ou en grupo un pequeno repertorio de cancións sinxelas. | CCE<br>C CSC | EMB2.3.1. Interpreta individualmente ou en grupo un pequeno repertorio de cancións sinxelas. |

| Obxectivos | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Competencias clave | Grao de consecución |
|---|---|---|---|---|---|
| | B2.6. Interpretación e memorización de ladaíñas e cancións ao unísono. | practicando a improvisación. | EMB2.3.2. Realiza pequenas improvisacións melódicas sobre algunha base dada. | CCE C<br>CAA | EMB2.3.2. Realiza pequenas improvisacións melódicas sobre algunha base dada. |
| | | | EMB2.3.3. Fai de xeito consciente o proceso da respiración. | CAA | EMB2.3.3. Fai de xeito consciente o proceso da respiración. |
| | | | EM2.3.4. Le e interpreta con ritmo ladaíñas e cancións ao unísono. | CCEC CAA<br>CMCCT | EM2.3.4. Le e interpreta con ritmo ladaíñas e cancións ao unísono. |
| J | B2.7. Imitación de fórmulas | B2.4. Reproducir, crear e representar esquemas rítmicos e melódicos coa voz, o corpo, os instrumentos e patróns de movemento. | EMB2.4.1. Acompaña cancións, danzas e textos con fórmulas rítmicas básicas. | CCEC<br>CMCCT | EMB2.4.1. Acompaña cancións, danzas e textos con fórmulas rítmicas básicas. |
| b | B2.8. Lectura e interpretación de partituras sinxelas con grafías non convencionais e de esquemas rítmicos e melódicos elementais con notación tradicional<br><br>B2.9. Notación musical e | | EMB2.4.2. Identifica a pregunta-resposta con motivos melódicos e rítmicos. | CCEC | EMB2.4.2. Identifica a pregunta- resposta con motivos melódicos e rítmicos. |

| Obxectivos | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Competencias clave | Grao de consecución |
|---|---|---|---|---|---|
| | grafías non convencionais como medio de representación da música. Colocación dalgunha nota no pentagrama.<br><br>B2.10. Utilización da percusión corporal e os instrumentos como recursos para o acompañamento de textos, cancións e danzas.<br><br>B2.11. Selección e combinación de ostinatos rítmicos e efectos sonoros para o acompañamento de recitacións, cancións e pezas instrumentais. | | EMB2.4.3. Le e crea pequenos esquemas rítmico-melódicos con brancas, negras e silencio de negra, engadindo a clave de sol. | CCEC<br><br>CAA<br><br>CMCCT | EMB2.4.3. Le e crea pequenos esquemas rítmico- melódicos con brancas, negras e silencio de negra, engadindo a clave de sol. |
| | | | EMB2.4.4. Elixe e combina ostinatos rítmicos e efectos sonoros para o acompañamento de recitacións, cancións e pezas instrumentais, con identificación da súa grafía. | CCEC<br>CAA | EMB2.4.4. Elixe e combina ostinatos rítmicos e efectos sonoros para o acompañamento de recitacións, cancións e pezas instrumentais, con identificación da súa grafía. |
| | B2.12. Selección de sons vocais, obxectos e instrumentos para a sonorización de situacións, relatos breves e imaxes.<br><br>B2.13. Improvisación de esquemas rítmicos e | | EMB2.4.5. Elixe e combina sons vocais, obxectos e instrumentos para a | CCE<br>C CAA | EMB2.4.5. Elixe e combina sons vocais, obxectos e instrumentos para a sonorización de situacións, |

| Obxectivos | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Competencias clave | Grao de consecución |
|---|---|---|---|---|---|
| | melódicos mediante o procedemento de pregunta- resposta. | | sonorización de situacións, relatos breves e imaxes, con identificación da súa grafía. | | relatos breves e imaxes, con identificación da súa grafía. |
| BLOQUE 3. A MÚSICA O MOVEMENTO E A DANZA | | | | | |
| j b<br>d | B3.1. Práctica de técnicas básicas do movemento: mobilización funcional, movementos fundamentais de locomoción e deseños no espazo. | B3.1. Realizar pequenas coreografías. | EMB3.1.1. Realiza pequenas coreografías en grupo, adecuando o movemento corporal coa música. | CCEC<br>CSC | EMB3.1.1. Realiza pequenas coreografías en grupo, adecuando o movemento corporal coa música. |
| | | | EMB3.1.2. Interactúa adecuadamente cos compañeiros e coas compañeiras, amosando interese e respectando as normas e as intervencións das demais persoas. | CSC | EMB3.1.2. Interactúa adecuadamente cos compañeiros e coas compañeiras, amosando interese e respectando as normas e as intervencións das demais persoas. |
| j o | B3.2. Práctica de xogos motores acompañados de secuencias sonoras, cancións e pezas musicais, e interpretación de danzas sinxelas. | B3.2. Coñecer e valorar as posibilidades sonoras, de movemento e expresivas do corpo. | EMB3.2.1.Responde co seu corpo a estímulos sonoros. | CCEC | EMB3.2.1. Responde co seu corpo a estímulos sonoros. |

| Obxectivos | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Competencias clave | Grao de consecución |
|---|---|---|---|---|---|
| | B3.3. Práctica dalgunha danza tradicional galega. | | EMB3.2.2. Coordina extremidades superiores e inferiores nos desprazamentos coa música. | CCEC | EMB3.2.2. Coordina extremidades superiores e inferiores nos desprazamentos coa música. |
| | B3.4. Improvisación de movementos en resposta a diferentes estímulos sonoros. | | EMB3.2.3. Identifica e utiliza o corpo como instrumento para a expresión de sentimentos e emocións. | CCEC | EMB3.2.3. Identifica e utiliza o corpo como instrumento para a expresión de sentimentos e emocións. |

## CONTIDOS

### UNIDADE 1: GARAVANCIÑO

- Escoita con atención o conto musical dramatizado *Garavanciño*.
- Memoriza e interpreta a canción *Pachín, pachín, pachín!*.
- Distingue, de forma empírica, a forma musical da canción.
- Traballa en grupo e aprende técnicas para o coidado da voz.
- Realiza acompañamentos corporais en cancións, prosodias e audicións que o requiran.
- Utiliza o corpo como un recurso de comunicación e expresión.
- Valora a importancia do silencio como parte fundamental da música.
- Distingue fontes de produción sonora no contexto do outono.
- Discrimina auditivamente as calidades do son no contexto do outono, do propio corpo e dos instrumentos.
- Crea e interpreta ritmos coa simboloxía musical establecida.
- Recoñece e interpreta ritmos con negras, corcheas e silencios de negra.
- Discrimina visual e auditivamente instrumentos de percusión e clasificalos por familias.
- Establece un debate sobre os diferentes sentimentos que nos suscita a música.
- Interpreta a danza portuguesa *Indo eu* seguindo unha coreografía preestablecida.
- Presenta a frauta doce.
- Segue o ritmograma *Tetris* e acompáñao con pequena percusión e percusión corporal.
- Recoñece no ritmograma os elementos da linguaxe musical presentes: figuras, forma…

### UNIDADE 2: O NADAL DOS CONTOS

- Escoita con atención o conto musical dramatizado *Conto de Nadal*.
- Memoriza e interpreta as cancións *Paparruchas* e *Klingleinguelín*.
- Distingue, de forma empírica, a forma musical das cancións.
- Traballa en grupo e aprende técnicas para o coidado da voz.
- Realiza acompañamentos corporais en cancións, prosodias e audicións que oo requiran.
- Utiliza o corpo como un recurso de comunicación e expresión.
- Valora a importancia do silencio como parte fundamental da música.
- Distingue fontes de produción sonora no contexto do Nadal.
- Aprende normas básicas de escritura musical.
- Identifica patróns melódicos axudándose da liña musical resultante.
- Interpreta ritmos con sílabas rítmicas, palmas e instrumentos.
- Presenta a frauta doce: manexo e coidado.
- Interpreta a danza holandesa *Minoejska* seguindo unha coreografía preestablecida.
- Dramatiza, interpreta e acompaña un conto musical con temática do Nadal.
- Dramatiza con xestos unha audición.
- Improvisa ditados e esquemas rítmicos.
- Segue o ritmograma *Happy* e acompañalo con pequena percusión e percusión corporal.
- Recoñece no ritmograma os elementos da linguaxe musical presentes: figuras, forma, repeticións…
- Goza dun xogo autoavaliativo

## UNIDADE 3: PEDRIÑO, O BONECO DE NEVE

- Escoita con atención o conto musical dramatizado *Pedriño, o boneco de neve*.
- Memoriza e interpreta a canción *Tiritín, tiritón!*.
- Distingue, de forma empírica, a forma musical da canción.
- Traballa en grupo e aprende técnicas para o coidado da voz.
- Realiza acompañamentos corporais en cancións, prosodias e audicións que o requiran.
- Utiliza o corpo como un recurso de comunicación e expresión.
- Valora a importancia do silencio como parte fundamental da música.
- Distingui fontes de produción sonora no contexto do invierno.
- Aprende normas básicas de escritura musical.
- Interpretr ritmos con sílabas rítmicas, palmas e instrumentos.
- Iniciase no manexo da frauta doce mediante sinxelos exercicios en eco.
- Interpreta unha partitura rítmica non convencional con pequena percusión e percusión corporal.
- Identifica visual e auditivamente instrumentos musicais, atendendo á clasificación tradicional destes.
- Improvisa, coa frauta doce, ritmos basados na nota SI.
- Interpreta a danza tradicional española *Baile de la Carrasquilla* seguindo unha coreografía preestablecida.
- Segue a audición *O inverno*, axudándose dun musicograma

## UNIDADE 4: A GALIÑA POÑEDORA

- Escoita con atención o conto musical dramatizado *A galiña poñedora.*
- Memoriza e interpreta a canción *Pío, pío, pío*.
- Realiza acompañamentos corporais en cancións e audicións que o requiran.
- Traballa en grupo e aprender técnicas para o coidado da voz.
- Valora a importancia do silencio como parte fundamental da música.
- Distingue fontes de produción sonora no contexto do Entroido.
- Aprende normas básicas de escritura musical.
- Interpreta ritmos e melodías con sílabas rítmicas, palmas e instrumentos.
- Iniciase no manexo de instrumentos de láminas mediante unha serie de ditados melódicos.
- Representa mediante grafías non convencionais as sensacións que lles transmite a música.
- Valora a diversidade da multiculturalidade da xeografía española.
- Toma conciencia da importancia das contribucións da música popular ao enriquecemento musical.
- Interpreta coa frauta doce unha serie de pezas breves, a solo e a dúo.
- Improvisa esquemas rítmicos con percusión corporal.
- Dramatiza audicións con mímica.
- Interpreta a *Danza dos trogloditas* seguindo unha coreografía preestablecida.
- Segue a audición *O amor das tres laranxas*, axudándose dun musicograma.
- Goza dun xogo autoavaliativo

## UNIDADE 5: A SERPE E O ARCO DA VELLA

- Escoita con atención o conto musical dramatizado *A serpe e o Arco da vella*.
- Memoriza e interpreta as cancións *Detrás do Arco da vella* e *Ani Kuni*.
- Distingue, de forma empírica, a forma musical das cancións.
- Traballa en grupo e aprender técnicas para o coidado da voz.
- Realiza acompañamentos corporais en cancións, prosodias e audiciones que o requiran.
- Utiliza o corpo como un recurso de comunicación e expresión.
- Valora a importancia do silencio como parte fundamental da música.
- Distingue fontes de produción sonora no contexto da primavera.
- Aprende normas básicas de escritura musical.
- Interpreta ritmos con sílabas rítmicas, palmas e instrumentos.
- Interpreta unha partitura rítmica non convencional.
- Practica a nota LA na frauta doce mediante sinxelos exercicios en eco.
- Interpreta a dúo unha partitura coas notas SI-LA.
- Inventa letras que se axusten a un ritmo proposto, respectando os acentos.
- Dramatiza audicións con xestos do noso corpo.
- Fabrica instrumentos caseiros mediante materiais de reciclaxe.
- Interpreta a *Danza do oso* seguindo unha coreografía preestablecida.
- Segue a audición *Sinfonía dos xoguetes*, axudándose dun musicograma.

## UNIDADE 6: OS NÓS DA REDE

- Escoita con atención o conto musical dramatizado *Os nós da rede*.
- Memoriza e interpreta la canción *O pirata Metepata*.
- Distingue, de forma empírica, a forma musical da canción.
- Traballa en grupo e aprender técnicas para o coidado davoz.
- Realiza acompañamentos corporais en cancións, prosodias e audicións que o requiran.
- Utiliza o corpo como un recurso de comunicación e expresión.
- Valora a importancia do silencio como parte fundamental da música.
- Aprende normas básicas de escritura musical.
- Identifica patróns melódicos axudándose da liña musical resultante.
- Recoñece a importancia do acento musical.
- Interpreta coa frauta doce unha serie de pezas breves, a solo e a dúo.
- Compoñer pezas con sentido musical, guiados polo sistema de acordes.
- Respasa a organoloxía básica, atendendo á clasificación tradicional dos instrumentos.
- Segue o ritmograma *Danza dos Fachos* e acompañalo con pequena percusión e percusión corporal.

## ELEMENTOS TRANSVERSAIS

### Educación moral e cívica

- Recoñece no ritmograma os elementos da linguaxe musical presentes: figuras, forma, variacións de tempo…
- Dramatiza con xestos a Danza dos Fachas.
- Coñece , valora e respecta manifestacións musicais doutras culturas.
- Goza dun xogo autoavaliativo.

Educación para a saúde:

Apreciar hábitos de hixiene bucal para acadar unha correcta emisión da voz.
Valorar o exercicio físico como hábito para unha boa execución instrumental, vocal e da danza.
Valorar o silencio ou a falta de ruído como fonte de saúde física e mental.

Educación para a paz:

Utilizar a linguaxe musical para establecer vínculos de amizade e de comunicación cos demais.

Educación ambiental:

Concienciarse sobre os problemas derivados da contaminación acústica.

Aceptar os gustos musicais dos demais.

Expoñer xuizos, dialogar e amosar unha opinión propia sobre temas musicais, respectando as regras de comunicación e sen ferir a sensibilidade allea. Participar nas actividades culturais e musicais respectando as normas de convivencia democrática.

As novas tecnoloxías:

Valorar e utilizar as novas tecnologías na búsqueda de información, a reprodución da música e a aplicación en producións musicais propias.

CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN

| **ÁREA** | **INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN** | **PESO** |
|---|---|---|
| ED. MUSICAL | TRABALLO ESCRITO DE AULA | 50% |
| | REALIZACIÓN DE CANCIÓNS, BAILES E INSTRUMENTACIÓN | 50% |
| | | |

## TEMPORALIZACIÓN

1º TRIMESTRE: Unidades 1, 2

2º TRIMESTRE: Unidades 3,4 3º TRIMESTRE: Unidades 5,6.

## METODOLOXÍA

Materiais e recursos:

Libro do alumno.

Caderno de actividades con actividades de reforzo. Libro dixital para o profesor.

CD de audio para o profesor.

Guías didácticas con actividades de repaso, ampliación e investigación. Materiais para fotocopiar.

Plataforma dixital GaliNova.

Material de aula: instrumentos, equipos de son, láminas de instrumentos, cartolinas, cores…

## ESTRATEXIAS DIDÁCTICAS

a. Utilizar o xogo como base da expresión musical.
b. Integrar os alumnos nas actividades dunha forma activa e participativa.
c. Predispoñer a escoita atenta das audicións propostas.
d. Propiciar a improvisación e a creatividade como medio para desenvolver a autoestima.
e. Propiciar a improvisación e a creatividade transformando unha determinada atmosfera sonora nuns trazos ou representación pictórica.
f. Crear unha atmosfera de silencio, especialmente, nas audicións.
g. Utilizar o máis próximo para a exploración das posibilidades sonoras e as súas calidades.
h. Predispoñer a escoita atenta de diversos timbres.
i. Utilizar o máis próximo para explicar as tres familias de instrumentos.
j. Crear un clima de naturalidade e lúdico para afianzar as rutinas necesarias para unha correcta utilización dos materiais sonoros da aula.
k. Presentar a aprendizaxe de determinadas técnicas interpretativas de forma gradual.
l. Partir da exploración e a improvisación para buscar novas formas de comunicación e creación.
m. Crear un clima de naturalidade para afianzar as rutinas necesarias para unha correcta utilización das láminas.
n. Participación lúdica, como recurso didáctico de aprendizaxe, na percepción e manifestación dos contidos da unidade.
o. Propiciar a espontaneidade.
p. Tratar de forma globalizada os aspectos conceptuais, psicomotores e afectivos na

experiencia artística.

q. Crear un clima relaxado e festivo, pero acatando unhas normas de comportamento.
r. Actividades secuenciadas por niveles de dificultade e que facilitan o traballo de *Competencias básicas* e os diferentes estilos cognitivos dos alumnos.
s. Aplicación e razoamento, traballo de *Competencias básicas*, *Intelixencias múltiples*, proxectos, reforzo e profundación.
t. Recursos dixitais de diferente índole, utilizando o soporte en CD e en DVD.

## AVALIACIÓN

Procedementos e instrumentos de avaliación:

Actividades de avaliación inicial.

Tarefas diversas do alumno realizadas na actividade diaria da clase.

Avaliación continua do alumno por observación directa, tendo en conta os estándares de aprendizaxe e a adquisición das competencias básicas.

Seguimento da avaliación continua da unidade nun rexistro.

Actividades de repaso ao peche da unidade.

Preguntas individuais e colectivas.

Probas orais individuais.

Diálogo.

Observación e valoración do grao de participación de cada alumno e da calidade das súas intervencións.

As actitudes e o comportamento corríxense e/ou sanciónanse, pero non se avalían.

Non se avaliarán a asistencia nin a puntualidade.

A nota final resultará da ponderación de cada avaliación, segundo a seguinte porcentaxe:

1ª avaliación: 30%/2ª avaliación: 30%/3º avaliación 40%

## ATENCIÓN A DIVERSIDADE

A finalidade é garantir un desenvolvemento adecuado do alumnado en función das súas necesidades educativas.

*MEDIDAS DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE*

Débense de prever distintas vías de respostas ás capacidades, motivacións e intereses do alumnado. Realizaranse adaptacións que potencien o máximo desenvolvemento das competencias básicas segundo as diferenzas individuais.

Prevendo a incorporación de alumnos con necesidades educativas especiais, débese contar e proporcionar a cada alumno a resposta ás súas necesidades, afastándose o menos posible do común para todos. Estes alumnos beneficiaranse dun tratamento individualizado con adaptacións curriculares dependendo do diagnóstico previo do departamento de orientación.

# MUSICA 4º PRIMARIA

A área de Educación Artística engloba a Educación Musical e a Educación Plástica. Esta área é moi importante porque posibilita o desenvolvemento da creatividade, da imaxinación, da autonomía, a percepción, a sensibilidade estética, a socialización, a análise crítica…..do alumnado.

A Educación Musical na etapa da Primaria divídese en tres bloques:

- "**A escoita**": preténdese que o alumnado tome conciencia dos sons do seu entorno, das posibilidades sonoras dos materiais e da audición activa das distintas manifestacións sonoras.
- "**A interpretación musical**": preténdese que o alumnado crea productos musicais usando os contidos aprendidos valorando o traballo colaborativo, o respecto cara ás demais persoas e o espírito de mellora.
- "**A música, o movemento e a danza**": preténdese o desenvolvemento da expresividade e creatividade do alumnado dende o coñecemento e a práctica da danza. Dende a coordinación motriz e a conciencia do espazo ata a creación de movementos e a expresión dos sentimentos a través do movemento.

## OBXECTIVOS DA EDUCACIÓN PRIMARIA

a) Coñecer e apreciar os valores e as normas de convivencia, aprender a obrar de acordo con elas para o exercicio activo da cidadanía e o respecto dos dereitos humanos e do pluralismo democrático.
b) Desenvolver hábitos de traballo individual e de equipo, de esforzo e de responsabilidade no estudo,, de sentido crítico,de interese e creatividade na aprendizaxe e espírito emprendedor.
c) Adquirir habilidades para a prevención e para a resolución pacífica de conflitos tanto no ámbito familiar como nos grupos sociais cos que se relacionan.
d) Coñecer, comprender e respectar as diferentes culturas e as diferenzas entre as persoas, a igualdade de dereitos e oportunidades entre homes e mulleres e a non discriminación das persoas con discapacidades ou outros motivos.
e) Coñecer e empregar de forma apropiada a lingua galega e a lingua castelá, e desenvolver hábitos de lectura en ambas as dúas linguas.
f) Adquirir en unha lingua estranxeira a competencia comunicativa básica que lles permita expresar e comprender mensaxes sinxelas e desenvolverse en situación cotiás.
g) Desenvolver as competencias matemáticas básicas e iniciarse na resolución de problemas que requiran o emprego de operacións de cáculo, coñecementos xeométricos e saber aplicalos a vida cotiá.
h) Coñecer os aspectos fundamentais das ciencias da natureza, as ciencias sociais, a xeografía, a historia e a cultura, con especial atención o vinculado a Galicia.
i) Iniciarse no uso das tecnoloxías da información e a comunicación para a aprendizaxe e o

desenvolvemento dun espírito crítico ante as mensaxes que reciban ou elaboren.

j) Empregar diferentes representacións e expresións artísticas e iniciarse na construcción de propostas visuais e audiovisuais.
k) Valorar a hixiene e a sáude, a aceptación do propio corpo e das demais persoas, respectar as diferenzas; e empregar a educación física e o deporte como medios para favorecer o desenvolvemento persoal e social.
l) Coñecer e valorar os seres vivos ( animais e prantas) do entorno e adoptar comportamentos que favorezan o seu coidado.
m) Desenvolver as capacidades afectivas nas relacións coas demais persoas e ca propia personalidade; adquirir una actitude contaria á violencia, ao prexuízo de calquera tipo, aos estereotipos sexistas e a discriminación por cuestións afectivo-sexuais.
n) Fomentar a educación viaria e as actitudes de respecto que incidan na prevención de accidentes de tráfico.
o) Coñecer, apreciar e valorar as singularidades culturais, lingüísticas, físicas e sociais de Galicia, salientando as mulleres e homes que realizaron achegas importantes á cultura e á sociedade galegas.

## COMPETENCIAS CLAVE

**Referidas á competencia en Comunicación lingüística:**

1. Aprender un repertorio de cancións(orais e escritas) en lingua galega.
2. Aprender vocabulario e expresións locais en galego.
3. Utilizar a voz e o corpo como instrumentos de expresión e comunicación.

***Referidas á Competencia matemática e competencias básicas en*** **ciencia e tecnoloxía:**

1. Traballar a preescritura musical (concepto de liña e espazo).
2. Traballar visual e auditivamente e interpretar a proporción matemática nos musicogramas e a súa relación coa lonxitude da melodía.
3. Traballar as figuras xeométricas nas fichas do alumno.
4. Traballar as figuras xeométricas coas coreografías que acompañan ás cancións e danzas

**Referidas á Competencia dixital:**

1. Presentar os aparatos e soportes de tecnoloxía dixital e analóxica de son: radiocasetes, CD, reprodutores mp3, mp4…
2. Utilizar métodos audiovisuais para ver e escoitar sons, instrumentos...
3. Empregar distintas fontes para a procura de información.
4. Aplicar criterios éticos no uso das novas tecnoloxías.
5. Empregar ferramentas dixitais para a construción do coñecemento.

**Referidas ás Competencias sociais e cívicas:**

1. Desenvolver habilidades de cooperación para conseguir un resultado grupal satisfactorio.
2. Comprender a realidade da pluralidade social actual coa que convivimos e aprender a respectarnos.
3. Ter respecto e actitude de escoita nas intervencións individuais dos compañeiros.
4. Aceptar nas danzas e coreografías aos compañeiros/as sen discriminar a ninguén.

**Referidas á Conciencia e expresións culturais:**

1. Percibir e comprender o mundo que os rodea cando escoitan sons da súa contorna, gozando da mesma e valorándoa.
2. Ter curiosidade cara ás fontes sonoras dos instrumentos que manexan na escola e os que soan nas audicións de música culta.
3. Valorar as cancións populares como expresión cultural dos pobos, enriquecendo a súa bagaxe cultural.
4. Valorar as manifestacións culturais do folclore galego e doutras culturas.
5. Representar sons mediante a expresión plástica.
6. Elaborar traballos e presentacións con sentido estético.
7. Escoitar, diferenciar e valorar os sons do medio no que viven.
8. Coñecer os instrumentos fixándose no material de corpo vibrante e na súa procedencia (árbores, canas, pel ou vexigas de animais, metais,…).
9. Expresar sentimentos e emocións dos códigos artísticos.

**Referidas ác ompetencia para Aprender a aprender:**

1. Tomar conciencia dos procesos de aprendizaxe.
2. Aprender a ter capacidade autocrítica,reflexionando sobre o esforzo e logros acadados por medio da autoavaliación.
3. Ter iniciativa persoal na elaboración de fichas creativas;así como nos remates plásticos das follas.
4. Ter curiosidade e interese individual na aprendizaxe de conceptos musicais e interdisciplinares.
5. Aprender e practicar estratexias lingüísticas para realizar oralmente descricións dos sons que escoitan coa axuda dun apoio visual.
6. Xerar estratexias para aprender en distintos contextos.
7. Planificar recursos necesarios e pasos a realizar no proceso de aprendizaxe.

**Referidas ao Sentido de iniciativa e espírito emprendedor:**

1. Asumir as responsabilidades encomendadas e dar conta delas.
2. Desenvolver a confianza en si mesmos mediante as dramatizacións con xestos grupais e as coreografías.
3. Fomentar o espírito de superación nas actividades individuais, grazas ás gabanzas e ánimos do profesorado.
4. Priorizar os obxectivos grupais sobre os intereses persoais.
5. Superar as dificultades a través da constancia e do traballo diario.
6. Coordinar as tarefas e tempos do grupo na realización de traballos.
7. Transmitir entusiasmo para acadar obxectivos.
8. Elaborar fichas individualmente para desenvolver hábitos de esforzo,traballo individual, iniciativa persoal,curiosidade e creatividade na aprendizaxe.
9. Amosar iniciativa persoal para promover ou iniciar novas accións.

| Obxectivos | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Competencias clave | Grao de consecución |
|---|---|---|---|---|---|
| BLOQUE 1. ESCOITA | | | | | |
| j d o | B1.1. Audición activa dunha selección de pezas instrumentais e vocais de distintos estilos e culturas adaptadas á idade do alumnado. | B1.1. Utilizar a escoita musical para indagar nas posibilidades do son e coñecer exemplos de obras variadas da nosa cultura e doutras culturas. | EMB1.1.1. Expresa as súas apreciacións persoais sobre o feito artístico musical. | CCL CCEC | EMB1.1.1. Expresa as súas apreciacións persoais sobre o feito artístico musical. |
| | B1.2. Asistencia a representacións musicais e comentario posterior.<br>B1.3. Interese polo repertorio tradicional de Galicia e das zonas de procedencia dos compañeiros e das compañeiras. | | EMB1.1.2. Manifesta as sensacións, as impresións e os sentimentos que lle provoca a audición dunha peza musical. | CCL CCEC | EMB1.1.2. Manifesta as sensacións, as impresións e os sentimentos que lle provoca a audición dunha peza musical. |
| | B1.4. Audición e análise de obras musicais de distintas características e procedencias.<br>B1.5. Actitude atenta e silenciosa, e respecto polas normas de comportamento durante a audición de música e na asistencia a representacións. | | EMB1.1.3. Coñece, entende e respecta as normas de comportamento en audicións e representacións musicais. | CSC | EMB1.1.3. Coñece, entende e respecta as normas de comportamento en audicións e representacións musicais. |
| | | | EMB1.1.4. Identifica e valora as manifestacións artísticas propias de Galicia. | CCEC CAA | EMB1.1.4. Identifica e valora as manifestacións artísticas propias de Galicia. |

| Obxectivos | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Competencias clave | Grao de consecución |
|---|---|---|---|---|---|
| j | B1.6. Recoñecemento de calidades dos sons: intensidade, duración, altura e timbre.<br><br>B1.7. Acento e pulso. | B1.2. Identificar e describir as características de elementos musicais e calidades dos sons do contexto. | EMB1.2.1. Describe e dá información salientable sobre elementos da linguaxe musical presentes nas manifestacións musicais e nos sons do contexto. | CCL CCEC | EMB1.2.1. Describe e dá información salientable sobre elementos da linguaxe musical presentes nas manifestacións musicais e nos sons do contexto. |
| j | B1.8. Elementos musicais: indicacións de tempo e matices (fortísimo, forte, piano e mezzoforte; dinámica e reguladores).<br><br>B1.9. Identificación dos rexistros de voces graves e agudas, así como as posibles agrupacións vocais e instrumentais (dúo, trío, cuarteto, orquestra e banda).<br><br>B1.10. Compases de 2/4, 3/4 e 4/4. | B1.3. Analizar a organización de obras musicais sinxelas e describir os elementos que as compoñen. | EMB1.3.1. Distingue e clasifica tipos de voces e instrumentos, e agrupacións instrumentais ou vocais. | CAA CCEC | EMB1.3.1. Distingue e clasifica tipos de voces e instrumentos, e agrupacións instrumentais ou vocais. |
| | | | EMB1.3.2. Identifica e describe variacións e contrastes de velocidade e intensidade tras a escoita de obras musicais. | CCL CCEC | EMB1.3.2. Identifica e describe variacións e contrastes de velocidade e intensidade tras a escoita de obras musicais. |
| | | | EMB1.3.3. Identifica, clasifica e completa os compases traballados. | CCEC<br>CMCCT | EMB1.3.3. Identifica, clasifica e completa os compases traballados(2/4,3/4, 4/4) |

| Obxectivos | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Competencias clave | Grao de consecución |
|---|---|---|---|---|---|
| j d o | B1.11. Instrumentos: clasificación tradicional (vento, vento-madeira, vento-metal, corda percutida, friccionada e punteada, e percusión determinada e indeterminada).<br><br>B1.12. Instrumentos da orquestra: achegamento á súa colocación.<br><br>B1.13. Instrumentos da cultura galega e doutras culturas. | B1.4. Coñecer e identificar as principais familias dos instrumentos, amosando interese por coñecer instrumentos doutras culturas. | EMB1.4.1. Identifica de xeito visual e auditivo os instrumentos. | CAA<br>CCEC | EMB1.4.1. Identifica de xeito visual e auditivo os instrumentos(PAI, PAD) |
| | | | EMB1.4.2. Clasifica os instrumentos por familias: vento, corda e percusión. | CAA<br>CCEC | EMB1.4.2. Clasifica os instrumentos por familias: vento, corda e percusión. |
| | | | EMB1.4.3. Procura información, organízaa e preséntaa sobre a música e os instrumentos doutras culturas. | CCEC<br>CAA<br>CSIEE<br>CD | EMB1.4.3. Procura información, organízaa e preséntaa sobre a música e os instrumentos doutras culturas. |
| j i | B1.14. Recoñecemento e identificación das partes dunha peza musical. Formas musicais binarias, ternarias e rondó.<br><br>B1.15. Uso de aplicacións informáticas educativas sinxelas para a análise e a | B1.5. Utilizar recursos gráficos durante a audición dunha peza musical, así como rexistros e aplicacións informáticas para a análise e a produción musical. | EMB1.5.1. Establece unha relación entre o que escoita e represéntao nun musicograma ou nunha partitura sinxela. | CAA<br>CCEC | EMB1.5.1. Establece unha relación entre o que escoita e represéntao nun musicograma ou nunha partitura sinxela. |

| Obxectivos | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Competencias clave | Grao de consecución |
|---|---|---|---|---|---|
| | produción musical. | | EMB1.5.2. Identifica as partes dunha peza musical sinxela e representa graficamente a súa estrutura. | CAA CCEC | EMB1.5.2. Identifica as partes dunha peza musical sinxela e representa graficamente a súa estrutura. |
| | | | EMB1.5.3. Representa graficamente, con linguaxe musical convencional ou non, os trazos característicos da música escoitada. | CAA CCEC | EMB1.5.3. Representa graficamente, con linguaxe musical convencional ou non, os trazos característicos da música escoitada. |
| | | | EMB1.5.4. Utiliza aplicacións informáticas para representar ou realizar tarefas de análise e produción musical. | CCEC CD | EMB1.5.4. Utiliza aplicacións informáticas para representar ou realizar tarefas de análise e produción musical. |
| BLOQUE 2. INTERPRETACIÓN MUSICAL | | | | | |
| j b | B2.1. Reprodución de pezas instrumentais e cancións sinxelas ao unísono, de maneira colectiva, con ou sen | B2.1. Interpretar un repertorio básico de cancións e pezas instrumentais, en solitario ou en grupo, mediante a voz | EMB2.1.1. Coñece e utiliza a linguaxe musical para a interpretación de obras. | CCEC CAA | EMB2.1.1. Coñece e utiliza a linguaxe musical para a interpretación de obras. |

| Obxectivos | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Competencias clave | Grao de consecución |
|---|---|---|---|---|---|
| | acompañamento. Frauta doce: dixitación da escala de do sen alteracións.<br><br>B2.2. Uso dos instrumentos de placas Orff en acompañamentos de pezas sinxelas.<br><br>B2.3. Rexistro gravado da interpretación feita e posterior análise e comentario.<br><br>B2.4. Coordinación e sincronización individual e colectiva na interpretación: simultaneidade, sucesión e alternancia. | ou instrumentos, utilizando a linguaxe musical, así como valorar o traballo feito, avaliar o resultado e propor accións de mellora. | EMB2.1.2. Traduce á linguaxe musical convencional melodías e ritmos sinxelos. | CCEC<br>CAA | EMB2.1.2. Traduce á linguaxe musical convencional melodías e ritmos sinxelos. |
| | | | EMB2.1.3. Interpreta pezas vocais e instrumentais sinxelas con distintos agrupamentos, con e sen acompañamento. | CCEC<br>CAA<br>CSC | EMB2.1.3a. Interpreta pezas vocais e instrumentais sinxelas con distintos agrupamentos, con e sen acompañamento. |
| | B2.5. Ditados rítmicos con figuras de negra, branca, redonda e corchea e os seus silencios en compases binarios e ternarios.<br><br>B2.6. Ditados melódico-rítmicos sinxelos. | | | | EMB 2.1.3b: Interpreta coa frauta : mi-re´) |
| | | | EMB2.1.4. Analiza a interpretación e valora o resultado, amosando interese por mellorar. | CAA<br>CSC | EMB2.1.4. Analiza a interpretación e valora o resultado, amosando interese por mellorar. |

| Obxectivos | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Competencias clave | Grao de consecución |
|---|---|---|---|---|---|
| j b | B2.7. Improvisación de esquemas rítmicos e melódicos sobre bases musicais dadas.<br>B2.8. Creación de pequenas melodías e acompañamentos sinxelos de melodías dadas. | B2.2. Explorar estruturas musicais e seleccionar e combinar ideas musicais dentro de estruturas sinxelas entre varias dadas, co obxectivo de crear un produto musical propio, individual ou grupal. | EMB2.2.1. Crea unha peza musical sinxela a partir da selección, a combinación e a organización dunha serie de elementos dados previamente, coñecidos e manexados. | CAA<br>CCEC | EMB2.2.1. Crea unha peza musical sinxela a partir da selección, a combinación e a organización dunha serie de elementos dados previamente, coñecidos e manexados. |
| | | | EMB2.2.2. Amosa respecto e responsabilidade no traballo individual e colectivo. | CSC | EMB2.2.2. Amosa respecto e responsabilidade no traballo individual e colectivo. |
| j d | B2.9. Recreación musical e sonorización dun texto oral ou escrito.<br>B2.10. Sonorización de imaxes, vídeos ou representacións dramáticas usando distintos materiais instrumentos e dispositivos electrónicos. | B2.3. Explorar e utilizar as posibilidades sonoras e expresivas de diferentes materiais, instrumentos e dispositivos electrónicos. | EMB2.3.1. Emprega instrumentos materiais, dispositivos electrónicos e recursos informáticos para crear pezas musicais sinxelas para a sonorización de imaxes e representacións dramáticas. | CD CAA<br>CSIEE | EMB2.3.1. Emprega instrumentos materiais, dispositivos electrónicos e recursos informáticos para crear pezas musicais sinxelas para a sonorización de imaxes e representacións dramáticas. |

| Obxectivos | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Competencias clave | Grao de consecución |
|---|---|---|---|---|---|
| | B2.11. Invención e construción dun instrumento. | | EMB2.3.2. Constrúe algún instrumento orixinal ou similar a un existente. | CCEC<br>CAA<br>CSIEE | EMB2.3.2. Constrúe algún instrumento orixinal ou similar a un existente. |
| BLOQUE 3. MÚSICA, MOVEMENTO E DANZA | | | | | |
| j | B3.1. Recoñecemento do corpo como instrumento rítmico e de expresión corporal. | B3.1. Adquirir capacidades expresivas e creativas que | EMB3.1.1. Identifica e utiliza o corpo como instrumento para a expresión de sentimentos | CCEC | EMB3.1.1. Identifica e utiliza o corpo como instrumento para a |
| | B3.2. Creación de pequenas coreografías para obras musicais breves e de estrutura sinxela. | ofrecen a expresión corporal e a danza. | e emocións e como forma de interacción social. | | expresión de sentimentos e emocións e como forma de interacción social. |
| | | | EMB3.1.2. Inventa e reproduce pequenas coreografías que corresponden coa forma interna dunha obra musical de forma sinxela binaria, ternaria e rondó. | CCEC CAA<br>CMCCT | EMB3.1.2. Inventa e reproduce pequenas coreografías que corresponden coa forma interna dunha obra musical de forma sinxela binaria, ternaria e rondó. |
| j<br>b<br>o | B3.3. Reprodución de xogos motores e secuencias de movementos fixados ou | B3.2. Interpretar un repertorio básico de danzas propias da cultura galega e doutras culturas. | EMB3.2.1. Controla a postura e a coordinación coa música cando interpreta danzas. | CCEC<br>CAA | EMB3.2.1. Controla a postura e a coordinación coa música cando interpreta danzas. |

| Obxectivos | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Competencias clave | Grao de consecución |
|---|---|---|---|---|---|
| | inventados, procurando unha progresiva coordinación individual e colectiva.<br><br>B3.4. Interpretación de danzas tradicionais galegas e doutras culturas. | | EMB3.2.2. Recoñece danzas de diferentes lugares e culturas, e valora a súa achega ao patrimonio artístico e cultural. | CAA CCL<br>CCEC | EMB3.2.2. Recoñece danzas de diferentes lugares e culturas, e valora a súa achega ao patrimonio artístico e cultural. |
| | | | EMB3.2.3. Reproduce e goza interpretando danzas tradicionais galegas e doutras culturas. | CCEC<br>CSC | EMB3.2.3. Reproduce e goza interpretando danzas tradicionais galegas e doutras culturas. |

## CONTIDOS

### UNIDADE 1: O SANCRISTÁN DE COÍMBRA

1. Memorizar e interpretar una canción tradicional galega.
2. Realizar acompañamentos corporais en cancións e audicións que o requiran.
3. Adecuar a respiración e a postura corporal á interpretación vocal.
4. Apreciar o valor do silencio na música.
5. Recoñecer e distinguir as calidades do son: timbre, altura, duración e intensidade.

6. Coñecer os elementos básicos da notación musical: figuras e silencios.
7. Comprender e diferenciar a duración das notas.
8. Coñecer o nome das notas e o lugar que ocupan no pentagrama.
9. Discriminar a altura das notas en esquemas melódicos.
10. Dramatizar audicións con xestos do noso corpo.
11. Clasificar e comprender a diferenza entre as distintas familias de instrumentos (corda, vento, percusión).
12. Presentar a frauta doce e a súa dixitación.
13. Interpretar sinxelas melodías coa nota SI usando a frauta doce.
14. Seguir unha audición a través dun musicograma, diferenciando as súas partes.

**UNIDADE 2: OS TRES REIS MAGOS**

1. Memorizar e interpretar a panxoliña *Os tres Reis Magos*.
2. Realizar acompañamentos corporais en cancións e audicións que o requiran.
3. Adecuar a respiración e a postura corporal á interpretación vocal.
4. Apreciar o valor do silencio na música.
5. Identificar os distintos tipos de voces segundo a súa tesitura.
6. Identificar na audición de obras vocais distintas agrupacións de voces: dúo, cuarteto, coro...
7. Crear ritmos e melodías con figuras simples (negras e parellas de corcheas) con instrumentos Orff.
8. Interpretar sinxelas melodías con acompañamento de instrumentos de lámina e PAI.
9. Dramatizar audicións con xestos do noso corpo.
10. Seguir unha audición a través dun musicograma, axudándose dos debuxos para marcar o pulso.

**UNIDADE 3: FOLERPIÑAS CAEN**

1. Memorizar e interpretar a canción *Canta a galiña*.
2. Realizar acompañamentos corporais en cancións e audicións que o requiran.
3. Adecuar a respiración e a postura corporal á interpretación vocal.
4. Apreciar o valor do silencio na música.
5. Coñecer os signos de repetición máis habituais e aplicalos correctamente.

6. Interiorizar distintas velocidades interpretativas.
7. Recoñecer e diferenciar visual e auditivamente instrumentos comúns na música folk galega.
8. Interpretar sinxelas melodías coa frauta doce, con e sen acompañamento.
9. Improvisar ritmos e melodías, tendo en conta a dualidade sílaba-nota.
10. Dramatizar audicións con xestos do noso corpo.
11. Seguir unha audición a través dun musicograma, axudándose dos debuxos para marcar o pulso.
12. Gozar da interpretación de danzas e actividades.

## UNIDADE 4: POPURRÍ

1. Memorizar e interpretar un popurrí de cancións infantís.
2. Realizar acompañamentos corporais en cancións e audicións que o requiran.
3. Adecuar a respiración e a postura corporal á interpretación vocal.
4. Apreciar o valor do silencio na música.
5. Diferenciar interpretacións a distintas intensidades.
6. Traballar esquemas rítmicos que inclúen corcheas e semicorcheas.
7. Recoñecer visual e auditivamente os instrumentos da orquestra.
8. Traballar o conto musicado *Pedro e o Lobo*.
9. Interpretar unha partitura non convencional.
10. Aprender os pasos básicos dun ballet..
11. Gozar do baile cos seus compañeiros/as.
12. Entender e relacionar un musicograma cunha audición.
13. Aproximarse ás bandas e recoñecer a súa labor difusora da música.

## UNIDADE 5: MAIO DAS MARIÑAS

1. Memorizar e interpretar a canción *Maio das Mariñas*.
2. Realizar acompañamentos corporais en cancións e audicións que o requiran.
3. Adecuar a respiración e a postura corporal á interpretación vocal.
4. Apreciar o valor do silencio na música.

5. Interpretar partituras non convencionais.
6. Recoñecer visual e auditivamente instrumentos de tecla.
7. Relacionar fragmentos musicais con escenas de cinema, teatro, zarzuelas e outros espectáculos.
8. Recitar rimas e trabalinguas.
9. Interpretar melodías e cancións de frauta coa nota RE’.
10. Acompañar unha melodía de frauta con pequena percusión e instrumentos de lámina.
11. Dramatizar audicións con xestos do noso corpo.
12. Utilizar o corpo como expresión de sentimentos e emocións.
13. Utilizar pandeiretas e triángulos para marcar o acento nunha danza.
14. Acompañar unha audición activa con pequena percusión e instrumentos corporais.

### UNIDADE 6: IMOS XOGAR

1. Memorizar e interpretar a canción popular *I like the flowers*.
2. Realizar acompañamentos corporais en cancións e audicións que o requiran.
3. Adecuar a respiración e a postura corporal á interpretación vocal.
4. Apreciar o valor do silencio na música.
5. Recoñecer visual e auditivamente instrumentos electrófonos.
6. Interpretar partituras de frauta con e sen acompañamento
7. Describir instrumentos musicais de distintas familias nun pasatempo.
8. Dramatizar audicións con xestos do noso corpo.
9. Bailar unha danza tradicional: *Tirotitaina*.
10. Utilizar o corpo como expresión de sentimentos e emocións.
11. Acompañar unha audición activa con pequena percusión.
12.

## ELEMENTOS TRANSVERSAIS

### Educación para a saúde:

Apreciar hábitos de hixiene bucal para acadar unha correcta emisión da voz.
Valorar o exercicio físico como hábito para unha boa execución instrumental, vocal e da danza.
Valorar o silencio ou a falta de ruído como fonte de saúde física e mental.

Educación para a paz:

Utilizar a linguaxe musical para establecer vínculos de amizade e de comunicación cos demais.

Educación ambiental:

Concienciarse sobre os problemas derivados da contaminación acústica.

Educación moral e cívica:

Aceptar os gustos musicais dos demais.

Expoñer xuizos, dialogar e amosar unha opinión propia sobre temas musicais, respectando as regras de comunicación e sen ferir a sensibilidade allea.

Participar nas actividades culturais e musicais respectando as normas de convivencia democrática.

As novas tecnoloxías:

Valorar e utilizar as novas tecnologías na búsqueda de información, a reprodución da música e a aplicación en producións musicais propias.

## CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN

| ÁREA | INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN | PESO |
|---|---|---|
| ED. MUSICAL | TRABALLO DE AULA<br>(cancións, bailes e traballo escrito) | 30% |
| | PROBA ESCRITA | 40% |
| | INSTRUMENTO | 30% |

## TEMPORALIZACIÓN

1º TRIMESTRE: Unidades 1, 2

2º TRIMESTRE: Unidades 3,4

3º TRIMESTRE: Unidades 5,6

## METODOLOXÍA

### Materiais e recursos:

Libro do alumno.

Caderno de actividades con actividades de reforzo.

Libro dixital para o profesor.

CD de audio para o profesor.

Guías didácticas con actividades de repaso, ampliación e investigación. Materiais para fotocopiar.

Plataforma dixital GaliNova.

Material de aula: instrumentos, equipos de son, láminas de instrumentos, cartolinas, cores…

### Espazos e tempos:

Aula de música

## ESTRATEXIAS DIDÁCTICAS

- Utilizar o xogo como base da expresión musical.
- Integrar os alumnos nas actividades dunha forma activa e participativa.
- Predispoñer a escoita atenta das audicións propostas.
- Propiciar a improvisación e a creatividade como medio para desenvolver a autoestima.
- Propiciar a improvisación e a creatividade transformando unha determinada atmosfera sonora nuns trazos u orepresentación pictórica.
- Crear unha atmosfera de silencio, especialmente, nas audicións.
- Utilizar o máis próximo para a exploración das posibilidades sonoras e as súas calidades.
- Predispoñer a escoita atenta de diversos timbres.
- Utilizar o máis próximo para explicar as tres familias de instrumentos.
- Crear un clima de naturalidade e lúdico para afianzar as rutinas necesarias para unha correcta utilización dos materiais sonoros da aula.
- Presentar a aprendizaxe de determinadas técnicas interpretativas de forma gradual.
- Partir da exploración e a improvisación para buscar novas formas de comunicación e creación.
- Crear un clima de naturalidade para afianzar as rutinas necesarias para unha correcta utilización das láminas.
- Participación lúdica, como recurso didáctico de aprendizaxe, na percepción e manifestación dos contidos da unidade.
- Propiciar a espontaneidade.
- Tratar de forma globalizada os aspectos conceptuais, psicomotores e afectivos na experiencia artística.
- Crear un clima relaxado e festivo, pero acatando unhas normas de comportamento.
- Actividades secuenciadas por niveles de dificultade e que facilitan o traballo de *Competencias básicas* e os diferentes estilos cognitivos dos alumnos.
- Aplicación e razoamento, traballo de *Competencias básicas*, *Intelixencias múltiples*, proxectos, reforzo e profundación.
- Recursos dixitais de diferente índole, utilizando o soporte en CD e en DVD.

## AVALIACIÓN

Procedementos e instrumentos de avaliación:

Actividades de avaliación inicial.

Tarefas diversas do alumno realizadas na actividade diaria da clase.
Actividades diversas de avaliación: proba escrita, fichas fotocopiables…

Avaliación continua do alumno por observación directa, tendo en conta os estándares de aprendizaxe e a adquisición das competencias básicas.
Seguimento da avaliación continua da unidade nun rexistro.

Actividades de repaso ao peche da unidade.
Preguntas individuais e colectivas.

Probas orais individuais.
Diálogo.

Observación e valoración do grao de participación de cada alumno e da calidade das súas intervencións

As actitudes e o comportamento corríxense e/ou sanciónanse, pero non se avalían.

Non se avaliarán a asistencia nin a puntualidade.

A nota final resultará da ponderación de cada avaliación, segundo a seguinte porcentaxe:

1ª avaliación: 30%/2ª avaliación:30%/3º avaliación: 40%

## ATENCIÓN A DIVERSIDADE

A finalidade é garantir un desenvolvemento adecuado do alumnado en función das súas necesidades educativas.

### *MEDIDAS DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE*

Débense de prever distintas vías de respostas ás capacidades, motivacións e intereses do alumnado. Realizaranse adaptacións que potencien o máximo desenvolvemento das competencias básicas segundo as diferenzas individuais.

Prevendo a incorporación de alumnos con necesidades educativas especiais, débese contar e proporcionar a cada alumno a resposta ás súas necesidades, afastándose o menos posible do común para todos. Estes alumnos beneficiaranse dun tratamento individualizado con adaptacións curriculares dependendo do diagnóstico previo do departamento de orientación.

# MÚSICA 6º PRIMARIA

A área de Educación Artística engloba a Educación Musical e a Educación Plástica. Esta área é moi importante porque posibilita o desenvolvemento da creatividade, da imaxinación, da autonomía, a percepción, a sensibilidade estética, a socialización, a análise crítica…..do alumnado.

A Educación Musical na etapa da Primaria divídese en tres bloques:

- "**A escoita**": preténdese que o alumnado tome conciencia dos sons do seu entorno, das posibilidades sonoras dos materiais e da audición activa das distintas manifestacións sonoras.
- "**A interpretación musical**": preténdese que o alumnado crea productos musicais usando os contidos aprendidos valorando o traballo colaborativo, o respecto cara ásdemaispersoas e o espírito de mellora.
- "**A música, o movemento e a danza**": preténdese o desenvolvemento da expresividade e creatividade do alumnado dende o coñecemento e a práctica da danza. Dende a coordinación motriz e a conciencia do espazo ata a creación de movementos e a expresión dos sentimentos a través do movemento.

## OBXECTIVOS DA EDUCACIÓN PRIMARIA

a) Coñecer e apreciar os valores e as normas de convivencia, aprender a obrar de acordo con elas para o exercicio activo da cidadanía e o respecto dos dereitos humanos e do pluralismo democrático.
b) Desenvolver hábitos de traballo individual e de equipo, de esforzo e de responsabilidade no estudo,, de sentido crítico,de interese e creatividade na aprendizaxe e espírito emprendedor.
c) Adquirir habilidades para a prevención e para a resolución pacífica de conflitos tanto no ámbito familiar como nos grupos sociais cos que se relacionan.
d) Coñecer, comprender e respectar as diferentes culturas e as diferenzas entre as persoas, a igualdade de dereitos e oportunidades entre homes e mulleres e a non discriminación das persoas con discapacidades ou outros motivos.
e) Coñecer e empregar de forma apropiada a lingua galega e a lingua castelá, e desenvolver hábitos de lectura en ambas as dúas linguas.
f) Adquirir en unha lingua estranxeira a competencia comunicativa básica que lles permita expresar e comprender mensaxes sinxelas e desenvolverse en situación cotiás.

g) Desenvolver as competencias matemáticas básicas e iniciarse na resolución de problemas que requiran o emprego de operacións de cáculo, coñecementos xeométricos e saber aplicalos a vida cotiá.
h) Coñecer os aspectos fundamentais das ciencias da natureza, as ciencias sociais, a xeografía, a historia e a cultura, con especial atención o vinculado a Galicia.
i) Iniciarse no uso das tecnoloxías da información e a comunicación para a aprendizaxe e o desenvolvemento dun espírito crítico ante as mensaxes que reciban ou elaboren.
j) Empregar diferentes representacións e expresións artísticas e iniciarse na construción de propostas visuais e audiovisuais.
k) Valorar a hixiene e a saúde, a aceptación do propio corpo e das demais persoas, respectar as diferenzas; e empregar a educación física e o deporte como medios para favorecer o desenvolvemento persoal e social.
l) Coñecer e valorar os seres vivos ( animais e plantas) do entorno e adoptar comportamentos que favorezan o seu coidado.
m) Desenvolver as capacidades afectivas nas relacións coas demais persoas e ca propia personalidade; adquirir una actitude contaria á violencia, ao prexuízo de calquera tipo, aos estereotipos sexistas e a discriminación por cuestións afectivo-sexuais.
n) Fomentar a educación viaria e as actitudes de respecto que incidan na prevención de accidentes de tráfico.
o) Coñecer, apreciar e valorar as singularidades culturais, lingüísticas, físicas e sociais de Galicia, salientando as mulleres e homes que realizaron achegas importantes á cultura e á sociedade galegas.

## COMPETENCIAS CLAVE

**Referidas á competencia en Comunicación lingüística:**

1. Aprender un repertorio de cancións (orais e escritas)en lingua galega.
2. Aprender vocabulario e expresións locais en galego.
3. Utilizar a voz e o corpo como instrumentos de expresión e comunicación.

**Referidas á Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía:**

1. Traballar a preescritura musical (concepto de liña e espazo).
2. Traballar visual e auditivamente e interpretar a proporción matemática nos musicogramas e a súa relación coa lonxitude da melodía.
3. Traballar as figuras xeométricas nas fichas do alumno.
4. Traballar as figuras xeométricas coas coreografías que acompañan ás cancións e danzas.

**Referidas á Competencia dixital:**

1. Presentar os aparatos e soportes de tecnoloxía dixital e analóxica de son: radiocasetes, CD, reprodutores mp3, mp4…
2. Utilizar métodos audiovisuais para ver e escoitar sons, instrumentos...
3. Empregar distintas fontes para a procura de información.
4. Aplicar criterios éticos no uso das novas tecnoloxías.
5. Empregar ferramentas dixitais para a construción do coñecemento.

**Referidas ás Competencias sociais e cívicas:**

1. Desenvolver habilidades de cooperación para conseguir un resultado grupal satisfactorio.
2. Comprender a realidade da pluralidade social actual coa que convivimos e aprender a respectarnos.
3. Ter respecto e actitude de escoita nas intervencións individuais dos compañeiros.
4. Aceptar nas danzas e coreografías aos compañeiros/as sen discriminar a ninguén.
5. Coñecer, valorar e gozar do contorno natural, social e cultural, fomentando a súa conservación
6. Participar nas actividades vocais, instrumentais e coreográficas de grupo con interese e sen inhibicións

**Referidas á Conciencia e expresións culturais:**

1. Percibir e comprender o mundo que os rodea cando escoitan sons da súa contorna, gozando da mesma e valorándoa.
2. Ter curiosidade cara ás fontes sonoras dos instrumentos que manexan na escola e os que soan nas audicións de música culta.
3. Valorar as cancións populares como expresión cultural dos pobos, enriquecendo a súa bagaxe cultural.
4. Valorar as manifestacións culturais do folclore galego e doutras culturas.
5. Representar sons mediante a expresión plástica.
6. Elaborar traballos e presentacións con sentido estético.
7. Escoitar, diferenciar e valorar os sons do medio no que viven.
8. Coñecer os instrumentos fixándose no material de corpo vibrante e na súa procedencia (árbores, canas, pel ou vexigas de animais, metais …)
9. Expresar sentimentos e emocións dos códigos artísticos.

**Referidas á competencia para Aprender a aprender:**

1. Tomar conciencia dos procesos de aprendizaxe.
2. Aprender a ter capacidade autocrítica, reflexionando sobre o esforzo e logros acadados por medio da autoavaliación.
3. Ter iniciativa persoal na elaboración de fichas creativas;así como nos remates plásticos das follas.
4. Ter curiosidade e interese individual na aprendizaxe de conceptos musicais e interdisciplinares.
5. Aprender e practicar estratexias lingüísticas para realizar oralmente descricións dos sons que escoitan coa axuda dun apoio visual.

6. Xerar estratexias para aprender en distintos contextos.
7. Planificar recursos necesarios e pasos a realizar no proceso de aprendizaxe.

**Referidas ao Sentido de iniciativa e espírito emprendedor:**

1. Asumir as responsabilidades encomendadas e dar conta delas.
2. Desenvolver a confianza en si mesmos mediante as dramatizacións con xestos grupais e as coreografías.
3. Fomentar o espírito de superación nas actividades individuais, grazas ás gabanzas e ánimos do profesorado.
4. Priorizar os obxectivos grupais sobre os intereses persoais.
5. Superar as dificultades a través da constancia e do traballo diario.
6. Coordinar as tarefas e tempos do grupo na realización de traballos.
7. Transmitir entusiasmo para acadar obxectivos.
8. Elaborar fichas individualmente para desenvolver hábitos de esforzo,traballo individual, iniciativa persoal,curiosidade e creatividade na aprendizaxe.

9 Amosar iniciativa persoal para promover ou iniciar novas accións.

| Obxectivos | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Competencias clave | Grao de consecución |
|---|---|---|---|---|---|
| BLOQUE 1. ESCOITA | | | | | |
| j<br>b<br>e | B1.1. Audición de música contemporánea, e investigación e valoración das posibilidades do son.<br>B1.2. Identificación e apreciación das calidades dos sons do contexto. | B1.1. Utilizar a escoita musical para indagar nas posibilidades do son, de maneira que sirvan como marco de referencia para creacións propias. | EMB1.1.1. Identifica, clasifica e describe as calidades dos sons do contexto natural e social, utilizando un vocabulario preciso. | CCEC<br>CCL<br>CAA | EMB1.1.1. Identifica, clasifica e describe as calidades dos sons do contexto natural e social, utilizando un vocabulario preciso. |

| Obxectivos | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Competencias clave | Grao de consecución |
|---|---|---|---|---|---|
| b<br>e<br>o | B1.3. Identificación e apreciación de formas musicais sinxelas.<br>B1.4. Identificación a través da escoita de tipos de voces (soprano, contralto, tenor e baixo), instrumentos, variacións e contrastes de velocidade.<br>B1.5. Valoración e interese pola música de diferentes épocas e culturas, nomeadamente a galega. | B1.2. Analizar a organización de obras musicais sinxelas e describir os elementos que as compoñen. | EMB1.2.1. Distingue tipos de voces, instrumentos, variacións e contrastes de velocidade e intensidade, tras a escoita de obras musicais, con capacidade para emitir unha valoración destas. | CCEC<br>CAA<br>CCL | EMB1.2.1. Distingue tipos de voces, instrumentos, variacións e contrastes de velocidade e intensidade, tras a escoita de obras musicais, con capacidade para emitir unha valoración destas. |
| | | | EMB1.2.2. Interésase por descubrir obras musicais de diferentes características, e utilízaas como marco de referencia para as creacións propias. | CSIEE<br>CAA<br>CCEC | EMB1.2.2. Interésase por descubrir obras musicais de diferentes características, e utilízaas como marco de referencia para as creacións propias. |
| h<br>a<br>d | B1.6. Audición activa e comentada de música variada da nosa cultura e doutras culturas.<br>B1.7. Actitude atenta, silenciosa e respectuosa durante a audición de música e/ou na asistencia a representacións musicais.<br>B1.8. Indagación sobre as normas que regulan a propiedade intelectual. | B1.3. Coñecer exemplos de obras variadas da nosa e doutras culturas, para valorar o patrimonio musical, valorando a importancia do seu mantemento e da súa difusión, e do respecto co que deben afrontar as audicións e as representacións. | EMB1.3.1. Coñece, entende e cumpre as normas de comportamento en audicións e representacións musicais. | CSC<br>CCEC | EMB1.3.1. Coñece, entende e cumpre as normas de comportamento en audicións e representacións musicais. |
| | | | EMB1.3.2. Comprende, acepta e respecta o contido das normas que regulan a propiedade intelectual canto á reprodución e a copia de obras musicais. | CSC<br>CCEC | EMB1.3.2. Comprende, acepta e respecta o contido das normas que regulan a propiedade intelectual canto á reprodución e a copia de obras |

| Obxectivos | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Competencias clave | Grao de consecución |
|---|---|---|---|---|---|
| | Valoración e presentación dos resultados. | | | | musicais. |
| BLOQUE 2. INTERPRETACIÓN INSTRUMENTAL | | | | | |
| j<br>e<br>k | B2.1. Exploración das posibilidades sonoras e expresivas da voz. | B2.1. Entender a voz como instrumento e recurso expresivo, partindo da canción e das súas posibilidades para interpretar, crear e improvisar. | EMB2.1.1. Recoñece e describe as calidades da voz a través de audicións diversas, e recréaas. | CCEC<br>CAA<br>CCL | EMB2.1.1. Recoñece e describe as calidades da voz a través de audicións diversas, e recréaas. |
| j<br>b<br>d/a | B2.2. Interpretación de pezas con instrumentos de aula e/ou frauta doce.<br>B2.3. Interpretación, memorización e improvisación guiada de cancións a unha ou varias voces, desenvolvendo progresivamente a dicción, a afinación e a técnica vocal. Canon.<br>B2.4. Recoñecemento de tipos de instrumentos acústicos e electrónicos, agrupacións instrumentais e vocais, e rexistros da voz.<br>B2.5. Utilización das | B2.2. Interpretar composicións sinxelas que conteñan procedementos musicais de repetición, variación e contraste, en solitario ou en grupo, mediante a voz ou instrumentos, utilizando a linguaxe musical, asumindo a responsabilidade na interpretación en grupo e respectando tanto as achegas das demais persoas como a persoa que asuma a dirección. | EMB2.2.1. Recoñece e clasifica instrumentos acústicos e electrónicos, diferentes rexistros da voz, e agrupacións vocais e instrumentais. | CCEC<br>CAA | EMB2.2.1. Recoñece e clasifica instrumentos acústicos e electrónicos, diferentes rexistros da voz, e agrupacións vocais e instrumentais. |
| | | | EMB2.2.2. Utiliza a linguaxe musical para a interpretación de obras. | CCEC | EMB2.2.2. Utiliza a linguaxe musical para a interpretación de obras. |
| | | | EMB2.2.3. Traduce á linguaxe musical convencional melodías e ritmos sinxelos. | CCEC | EMB2.2.3. Traduce á linguaxe musical convencional melodías e ritmos sinxelos. |
| | | | EMB2.2.4. Interpreta pezas vocais e instrumentais de diferentes épocas, | CAA<br>CCEC | EMB2.2.4a. Interpreta pezas vocais e instrumentais de |

| Obxectivos | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Competencias clave | Grao de consecución |
|---|---|---|---|---|---|
| | grafías convencionais na lectura, na escritura e na interpretación de cancións e de pezas instrumentais sinxelas.<br>B2.6. Gravación e rexistro das interpretacións para unha valoración e unha análise posteriores.<br>B2.7. Interese pola mellora do proceso de interpretación e do resultado final.<br>B2.8. Traballo cooperativo, asumindo as responsabilidades que lle correspondan e respectando as achegas das demais persoas do grupo. | | estilos e culturas para distintos agrupamentos, con e sen acompañamento | | diferentes épocas, estilos e culturas para distintos agrupamentos, con e sen acompañamento |
| | | | | | EMB 2.2.4bFrauta:do- re´, sib,fa#) |
| | | | EMB2.2.5. Coñece e interpreta cancións de distintos lugares, épocas e estilos, e valora a súa achega ao enriquecemento persoal, social e cultural. | CAA<br>CCEC | EMB2.2.5. Coñece e interpreta cancións de distintos lugares, épocas e estilos, e valora a súa achega ao enriquecemento persoal, social e cultural. |
| | | | EMB2.2.6. Amosa respecto polo traballo das demais persoas e responsabilidade no traballo individual e colectivo. | CSC | EMB2.2.6. Amosa respecto polo traballo das demais persoas e responsabilidade no traballo individual e colectivo. |
| | | | EMB2.2.7. Analiza as interpretacións feitas, recoñece erros e amosa interese por traballar para corrixilos. | CAA | EMB2.2.7. Analiza as interpretacións feitas, recoñece erros e amosa interese por traballar para corrixilos. |
| i | B2.9. Creación de mensaxes musicais con | B2.3. Explorar e utilizar as posibilidades sonoras e | EMB2.3.1. Procura información | CCEC | EMB2.3.1. Procura información |

| Obxectivos | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Competencias clave | Grao de consecución |
|---|---|---|---|---|---|
| j | contido expresivo, combinando elementos sonoros e corporais diversos.<br>B2.10. Utilización dos medios de comunicación e de internet para a procura de información, en soporte impreso e dixital, sobre instrumentos, compositores/as, intérpretes e eventos musicais de interese.<br>B2.11. Exploración das posibilidades sonoras e expresivas dos medios audiovisuais e tecnolóxicos para comunicar. Creación de cuñas radiofónicas e videoanuncios.<br>B2.12. Utilización dos medios audiovisuais e dos recursos informáticos para a sonorización de imaxes, contos, poemas e refráns, dobraxe de películas etc., e para a creación de producións propias. | expresivas de diferentes materiais, instrumentos e dispositivos electrónicos. | bibliográfica, en medios de comunicación e en internet sobre instrumentos, compositores/as, intérpretes e eventos musicais. | CAA<br>CD | bibliográfica, en medios de comunicación e en internet sobre instrumentos, compositores/as, intérpretes e eventos musicais. |
| | | | EMB2.3.2. Presenta e expón a información de xeito claro, ordenado e limpo en varios soportes. | CAA<br>CD<br>CCL | EMB2.3.2. Presenta e expón a información de xeito claro, ordenado e limpo en varios soportes. |
| | | | EMB2.3.3. Utiliza os medios audiovisuais e recursos informáticos para crear pezas musicais e para a sonorización de imaxes e representacións dramáticas | CD<br>CCEC | EMB2.3.3. Utiliza os medios audiovisuais e recursos informáticos para crear pezas musicais e para a sonorización de imaxes e representacións dramáticas |

| Obxectivos | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Competencias clave | Grao de consecución |
|---|---|---|---|---|---|
| BLOQUE 3. MÚSICA, MOVEMENTO E DANZA | | | | | |
| j<br>b<br>h/d<br>o | B3.1. Identificación do corpo como instrumento. Indagación e valoración sobre as posibilidades expresivas e comunicativas do corpo en distintas representacións artísticas ou situacións cotiás.<br>B3.2. Valoración e recoñecemento das danzas e a súa contribución ao noso patrimonio artístico e cultural.<br>B3.3. Interpretación de danzas coidando a coordinación individual e colectiva.<br>B3.4. Invención de coreografías sinxelas para cancións e pezas musicais de diferentes estilos.<br>B3.5. Gravación e rexistro das danzas interpretadas. Análise de valoración do produto. | B3.1. Adquirir capacidades expresivas e creativas que ofrecen a expresión corporal e a danza, valorar a súa achega ao patrimonio, e gozar coa súa interpretación como unha forma de interacción social. | EMB3.1.1. Identifica o corpo como instrumento para a expresión de sentimentos e emocións, e como forma de interacción social. | CAA<br>CCEC | EMB3.1.1. Identifica o corpo como instrumento para a expresión de sentimentos e emocións, e como forma de interacción social. |
| | | | EMB3.1.2. Controla a postura e a coordinación coa música cando interpreta danzas. | CCEC | EMB3.1.2. Controla a postura e a coordinación coa música cando interpreta danzas. |
| | | | EMB3.1.3. Coñece danzas de distintas épocas e lugares, e valora a súa achega ao patrimonio artístico e cultural. | CCEC | EMB3.1.3. Coñece danzas de distintas épocas e lugares, e valora a súa achega ao patrimonio artístico e cultural. |
| | | | EMB3.1.4. Reproduce e goza interpretando danzas tradicionais españolas, e entende a importancia da súa continuidade e o traslado ás xeracións futuras. | CSC<br>CCEC | EMB3.1.4. Reproduce e goza interpretando danzas tradicionais españolas, e entende a importancia da súa continuidade e o traslado ás xeracións futuras. |
| | | | EMB3.1.5. Inventa coreografías de grupo que corresponden coa | CAA | EMB3.1.5. Inventa coreografías de grupo que corresponden coa |

| Obxectivos | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Competencias clave | Grao de consecución |
|---|---|---|---|---|---|
| | | | forma interna dunha obra musical e supón unha orde espacial e temporal. | CCEC | forma interna dunha obra musical e supón unha orde espacial e temporal. |
| | | | EMB3.1.6. Analiza as danzas realizadas, recoñece os erros e amosa interese por mellorar o produto. | CAA | EMB3.1.6. Analiza as danzas realizadas, recoñece os erros e amosa interese por mellorar o produto. |
| | | | EMB3.1.7. Respecta o traballo en grupo e participa nel de xeito pracenteiro, amosando confianza nas propias posibilidades e nas das demais persoas. | CAA<br>CSC | EMB3.1.7. Respecta o traballo en grupo e participa nel de xeito pracenteiro, amosando confianza nas propias posibilidades e nas das demais persoas. |
| | | | EMB3.1.8. Amosa respecto polas demais persoas e colaboración con elas. | CSC | EMB3.1.8. Amosa respecto polas demais persoas e colaboración con elas. |

## CONTIDOS

### UNIDADE 1

1. Memoriza e interpreta un repertorio básico de cancións e pezas instrumentais.
2. Realiza acompañamentos corporais en cancións e audicións.
3. Valora a importancia do silencio como parte fundamental da música.
4. Coñece aspectos básicos das calidades do son: altura e duración; e a súa representación gráfica.

5. Coñece e diferenciar compases simples: 2/4, 3/4 e 4/4.
6. Coñece as dixitacións básicas da frauta doce e ir adquirindo, paulatinamente, destrezas e aptitudes no seu manexo.
7. Interpreta coa frauta doce, pequena percusión, percusión corporal e láminas unha serie de pezas, tanto populares como de autor.
8. Distingue visual e auditivamente distintos motivos de danza presentes na música culta.
9. Coñece visual e auditivamente os instrumentos musicais, atendendo á súa clasificación segundo a forma de producir o son.
10. Acompaña con pequena percusión unha audición de música culta, axudándose do seu musicograma.

**UNIDADE 2**

1. Memoriza e interpreta un repertorio básico de cancións e pezas instrumentais.
2. Realiza acompañamentos corporais en cancións e audicións.
3. Valora a importancia do silencio como parte fundamental da música.
4. Coñece aspectos básicos das calidades do son: altura e duración; e a súa representación gráfica.
5. Recoñece o efecto das alteracións e a súa representación gráfica.
6. Coñece as dixitacións básicas da frauta doce e ir adquirindo, paulatinamente, destrezas e aptitudes no seumanexo.
7. Discrimina tipos de voces atendendo á súa altura.
8. Diferenza tipos de bandas segundo os instrumentos que as conforman.
9. Interpreta coa frauta doce, pequena percusión, percusión corporal e láminas unha serie de pezas, tanto populares como de autor.Coñece visual e auditivamente os instrumentos musicais, atendendo á súa clasificación segundo a forma de producir o son.
10. Acompaña con pequena percusión as audicións *Marcha Radetzky* e *Coral* da *Cantata 147*, axudándose de musicogramas e ritmogramas.

**UNIDADE 3**

1. Memoriza e interpreta un repertorio básico de cancións e peza sinstrumentais.
2. Realiza acompañamentos corporais en cancións e audicións.
3. Valora a importancia do silencio como parte fundamental da música.
4. Coñece os efectos das indicacións de intensidade e a súa representación gráfica.
5. Coñece as dixitacións básicas da frauta doce e ir adquirindo, paulatinamente, destrezas e aptitudes no seu manexo.

6. Interpreta coa frauta doce, pequena percusión, percusión corporal e láminas unha serie de pezas, tanto populares como de autor.
7. Coñece visual e auditivamente os instrumentos cordófonos segundo a forma de producir o son.
8. Acompaña con instrumentos escolares a audición *O voo do abellón*.

## UNIDADE 4

1. Memoriza e interpreta un repertorio básico de cancións e pezas instrumentais.
2. Realiza acompañamentos corporais en cancións e audicións.
3. Valora a importancia do  silencio como parte fundamental da música.
4. Coñece aspectos básicos das calidades do son: altura e duración; e a súa representación gráfica.
5. Establece unha asociación entre a letra e o ritmo, gardando a concordancia entre ambos os dous.
6. Aprende diversas indicacións de carácter e o seu efecto na música.
7. Coñece as dixitacións básicas da frauta doce e ir adquirindo, paulatinamente, destrezas e aptitudes no seu manexo.
8. Interpreta coa frauta doce, pequena percusión, percusión corporal e láminas unha serie de pezas, tanto populares como de autor.
9. Coñece visual e auditivamente os instrumentos aerófonos segundo a forma de producir o son.
10. Acompaña con instrumentos escolares as audicións *Te Deum* (*Preludio*) e *Piratas do Caribe*.

## UNIDADE 5

1. Memoriza e interpreta un repertorio básico de cancións e pezas instrumentais.
2. Realiza acompañamentos corporais en cancións e audicións.
3. Valora a importancia do  silencio como parte fundamental da música.
4. Coñece aspectos básicos das calidades do son: altura e duración; e a súa representación gráfica.
5. Adquirir destreza no manexo de esquemas rítmicos que inclúen semicorcheas.
6. Coñece as dixitacións básicas da frauta doce e ir adquirindo, paulatinamente, destrezas e aptitudes no seu manexo.
7. Interpreta coa frauta doce, pequena percusión, percusión corporal e láminas unha serie de pezas, tanto populares como de autor: *Marcha do Antigo Reino de Galicia*.
8. Aproximase á Historia da Música. Tendencias e compositores máis relevantes
9. Representa un arranxo de danza para o valse *O Danubio Azul*.
10. Acompaña con pequena percusión unha audición de música culta, axudándose do seu musicograma.

## UNIDADE 6

1. Memoriza e interpreta un repertorio básico de cancións e pezas instrumentais.
2. Realiza acompañamentos corporais en cancións e audicións.
3. Valora a importancia do silencio como parte fundamental da música.
4. Coñece aspectos básicos das calidades do son: altura e duración; e a súa representación gráfica.
5. Entende o efecto que producen as síncopes na música.
6. Coñece unha figuración especial: O tresiño.
7. Interpreta coa frauta doce, pequena percusión, percusión corporal e láminas unha serie de pezas, tanto populares como de autor.
8. Comprende a función das bandas sonoras no cine
9. Acompaña con pequena percusión o musicograma *Os Sete Magníficos*.
10. Fai un exercicio de autoavaliación mediante un xogo.

## ELEMENTOS TRANSVERSAIS

Educación para a saúde:
Apreciar hábitos de hixiene bucal para acadar unha correcta emisión da voz.
Valorar o exercicio físico como hábito para unha boa execución instrumental, vocal e da danza.
Valorar o silencio ou a falta de ruído como fonte de saúde física e mental.
Educación para a paz:
Utilizar a linguaxe musical para establecer vínculos de amizade e de comunicación cos demais.
Educación ambiental:
Concienciarse sobre os problemas derivados da contaminación acústica.
Educación moral e cívica:
Aceptar os gustos musicais dos demais.
Expoñer xuízos, dialogar e amosar unha opinión propia sobre temas musicais, respectando as regras de comunicación e sen ferir a sensibilidade allea.
Participar nas actividades culturais e musicais respectando as normas de convivencia democrática.
As novas tecnoloxías:

Valorar e utilizar as novas tecnoloxías na busca de información, a reprodución da música e a aplicación en producións musicais propias.

## CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN

| ÁREA | INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN | PESO |
|---|---|---|
| ED. MUSICAL | PROBAS ESCRITAS | 40% |
| | TRABALLO DE AULA,REALIZACIÓN DE CANCIÓNS, BAILES E INSTRUMENTACIÓN | Traballo de aula,Baile,PAD,PAI: 30% |
| | | Frauta:30% |

## TEMPORALIZACIÓN

1º TRIMESTRE: Unidades 1, 2
2º TRIMESTRE: Unidades 3,4
3º TRIMESTRE: Unidades 5,6.

## METODOLOXÍA

### Materiais e recursos:

Ordenador do alumno.
Caderno de actividades con actividades de reforzo.
Libro dixital para o profesor.
CD de audio para o profesor.
Guías didácticas con actividades de repaso, ampliación e investigación.
Materiais para fotocopiar.
Plataforma dixital GaliNova.
Material de aula: instrumentos, equipos de son, láminas de instrumentos, cartolinas, cores…

### Espazos e tempos:

Aula de música

## ESTRATEXIAS DIDÁCTICAS

- Utilizar o xogo como base da expresión musical.
- Integrar os alumnos nas actividades dunha forma activa e participativa.
- Predispoñer a escoita atenta das audicións propostas.
- Propiciar a improvisación e a creatividade como medio para desenvolver a autoestima.
- Propiciar a improvisación e a creatividade transformando unha determinada atmosfera sonora nuns trazos ou representación pictórica.
- Crear unha atmosfera de silencio, especialmente, nas audicións.
- Utilizar o máis próximo para a exploración das posibilidades sonoras e as súas calidades.
- Predispoñer a escoita atenta de diversos timbres.
- Utilizar o máis próximo para explicar as tres familias de instrumentos.
- Crear un clima de naturalidade e lúdico para afianzar as rutinas necesarias para unha correcta utilización dos materiais sonoros da aula.
- Presentar a aprendizaxe de determinadas técnicas interpretativas de forma gradual.
- Partir da exploración e a improvisación para buscar novas formas de comunicación e creación.
- Crear un clima de naturalidade para afianzar as rutinas necesarias para unha correcta utilización das láminas.
- Participación lúdica, como recurso didáctico de aprendizaxe, na percepción e manifestación dos contidos da unidade.
- Propiciar a espontaneidade.
- Tratar de forma globalizada os aspectos conceptuais, psicomotores e afectivos na experiencia artística.
- Crear un clima relaxado e festivo, pero acatando unhas normas de comportamento.
- Actividades secuenciadas por niveles de dificultade e que facilitan o traballo de *Competencias básicas* e os diferentes estilos cognitivos dos alumnos.
- Aplicación e razoamento, traballo de *Competencias básicas*, *Intelixencias múltiples*, proxectos, reforzo e profundación.
- Recursos dixitais de diferente índole, utilizando o soporte en CD e en DVD.

## AVALIACIÓN

Procedementos e instrumentos de avaliación:

Actividades de avaliación inicial.
Tarefas diversas do alumno realizadas na actividade diaria da clase.
Actividades diversas de avaliación: proba escrita, fichas fotocopiables…
Avaliación continua do alumno por observación directa, tendo en conta os estándares de aprendizaxe e a adquisición das competencias básicas.
Seguimento da avaliación continua da unidade nun rexistro.
Actividades de repaso ao peche da unidade.
Preguntas individuais e colectivas.
Probas orais individuais.
Diálogo.
Observación e valoración do grao de participación de cada alumno e da calidade das súas intervencións.
As actitudes e o comportamento corríxense e/ou sanciónanse, pero non se avalían.
Non se avaliarán a asistencia nin a puntualidade.

A nota final resultará da ponderación de cada avaliación, segundo a seguinte porcentaxe:
1ª avaliación: 30%/2ª avaliación: 30%/3ª avaliación: 40%

## ATENCIÓN A DIVERSIDADE

A finalidade é garantir un desenvolvemento adecuado do alumnado en función das súas necesidades educativas.

### *MEDIDAS DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE*

Débense de prever distintas vías de respostas ás capacidades, motivacións e intereses do alumnado. Realizaranse adaptacións que potencien o máximo desenvolvemento das competencias básicas segundo as diferenzas individuais.
Prevendo a incorporación de alumnos con necesidades educativas especiais, débese contar e proporcionar a cada alumno a resposta ás súas necesidades, afastándose o menos posible do común para todos. Estes alumnos beneficiaranse dun tratamento individualizado con adaptacións curriculares dependendo do diagnóstico previo do departamento de orientación.